

14 XUÑ. 2017

Entrada nº:.....2733

Saída nº:.....

M<sup>a</sup> Teresa García Guillán, concelleira do Grupo Municipal Socialista do Concello da Pobra do Caramiñal, o abeiro do disposto no art. 97/3 do R.O.F., para o seu debate na vindeira sesión plenaria, presenta ó Pleno unha moción solicitando a retirada de dúas embarcacións a carón da Ponte de Santo Antonio.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No verán pasado déronse por finalizadas as obras do Plan de Rexeneración da Xunqueira. Unha vez finalizados os traballos apareceu na desembocadura do río unha embarcación que quedou fondeada nese lugar. Co paso do tempo, e visto o estado da embarcación, podemos deducir que foi abandonada. Existe tamén unha dorna cuxo estado recomenda a súa retirada.

As leis españolas establecen que non se pode abandonar unha embarcación desta maneira xa que os riscos de contaminación son altos e que, en maior ou menor medida, a flora e fauna do lugar pódese ver afectada.


Por iso, á vista do impacto paisaxístico que produce na zona onde quedou varada e do perigo ambiental e ecolóxico que, durante todo este tempo, supuxeron e continúan supoñendo os motores e depósitos de combustible e aceite da embarcación, expostos ás condicións climatolóxicas e a actos de vandalismo que poderían provocar a súa rotura e fugas de combustible no mar.

Por todo iso, este grupo que represento solicita a adopción do seguinte

### ACORDO

1. O goberno municipal fará as xestións oportunas para proceder a retirada das dúas embarcacións.

A Pobra do Caramiñal, 11 de xuño de 2017.



M<sup>a</sup> Teresa García Guillán

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL